

Eduardo Pondal

1.- A súa obra poética:

“Rumores de los pinos” (1877) colección de 21 poemas escritos en galego e castelán.

“Queixumes dos pinos”(1886), totalmente en galego e que supera a anterior en composicións e calidade artística; a segunda edición realizada pola academia galega (1935) engade 38 poemas.

“A campana de Anllóns” (1895), notable ampliación do poema xa escolmado en 1862.

“Os Eoas”, extenso poema que se conserva inédito na Academia Galega, só se publicaron algúns retallos.

2.- Os fundamentos da poesía de Pondal:

O pensamento poético pondaliano vaise forxando progresivamente: a partir de realidade ambiental que o autor experimenta e en conexión co movemento Pancelista que se inicia en Europa dende 1700.

2.1.- A poesía cívica:

- **celtismo**, influído por historiadores como Manuel Murguía que buscan as orixes da nación galega no seu pasado celta o que lle conferiría ao pobo un carácter propio baseado no amor á terra, no lirismo e na capacidade de resistencia. O papel de Pondal é determinante na creación deste pasado mitolóxico no que salienta a figura do heroe Breogán, personificación da estirpe galega.

- **Bardismo**, Pondal pensa que é ao poeta a quen lle corresponde converterse en guía do pobo escravizado. De aí que reivindique a figura do bardo, que era o poeta e dirixente dos antigos celtas, quen coa súa voz instruía e conducía ao pobo.

- **Helenismo**, entroncado co celtismo, os heroes pondalianos amosan unha rexa virilidade e uns valores éticos propios dos heroes da Grecia clásica.

2.2.- A poesía lírica: a natureza ten unha importante presenza na obra pondaliana. É unha paisaxe áspera, representada polas gándaras, os toxos, as uces, os piñeiros, as forzas da natureza, os animais salvaxes e que recorda a comarca de Bergantiños. Con moita frecuencia aparecen topónimos daquela terra: Dombate, Xallas, etc.

A muller ten na obra de Eduardo Pondal unha presenza variada e contraditoria: romántico- trobadoresca, muller obxecto de idealización.

Naturalista, predominantemente sensual, máis auténtica en Pondal.

3.- **A lingua:** Pondal desexaba plasmar nos seus versos unha lingua que respondera ao tipo nobre e culto da poesía que trataba. Por iso emprega cultismos latinizantes ou helenizantes. Procura unha maior enxebreza nos seus vocábulos, facendo unha selección dos mesmos, rexida por un criterio eufónico.

4.- A métrica: utiliza como versos básicos, oito, sete, seis e cinco sílabas. Nos de arte maior manexa os de dez e once sílabas, pero con menos continuidade cós anteriores. O decasílabo aparece, ás veces, partido en hemistiquios (dúas partes, mediante unha cesura). Como versos complementarios, dez, once, doce e catorce sílabas.

5.- Estilo: introduce procedementos propios da épica Homérica como símil e manexo de epítetos, sendo o máis empregado garrido, aplicado ó corpo, espírito, cousas e persoas.

Apenas emprega o diminutivo e o artigo indeterminado...etc.